



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CATALOGACIÓN DO FONDO HISTÓRICO DO ARQUIVO-BIBLIOTECA DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A SÚA INTEGRACIÓN NOS CATÁLOGOS COLECTIVOS DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO ESTATAL E GALEGO

En Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

REUNIDOS

Don ... conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (BOE núm. 212 do 05.09.1983), modificada pola Lei 10/2015, do 31 de agosto (BOE núm. 229 do 24.09.2015), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217 do 14.11.2016), e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13 do 18.01.2013 e DOG núm. 24 do 04.02.2013).

Don ..., na súa condición de Deán da SAMI (Santa, Apostólica e Metropolitana Igrexa) Catedral de Santiago de Compostela, con CIF ...; e sede na ..., segundo nomeamento efectuado mediante Decreto, de data 6 de xaneiro do 2017, do Arcebispo de Santiago de Compostela, D. ..., con poderes suficientes para a celebración deste acto.

As dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde garantir a protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos, bibliotecas e museos de Galicia. Ademais, a



Secretaría Xeral de Cultura é a responsable de velar pola conservación e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestando servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, función que ten directamente encomendada a Subdirección Xeral de Bibliotecas, dependente dela.

Segundo. Que o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico (CCPB) ten como obxectivo a descrición e localización dos libros e outros fondos bibliográficos pertencentes a bibliotecas españolas, públicas ou privadas que, pola súa antigüidade, singularidade ou riqueza forman parte do Patrimonio Histórico Español. O catálogo realízase en cumprimento da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (BOE núm. 155 do 29 de xuño 1985). É elaborado conxuntamente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), a través da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e de Arquivos e Bibliotecas, e todas as Comunidades Autónomas. A Xunta de Galicia e o MECD levan colaborando neste proxecto dende 1989.

Terceiro. Que a lexislación autonómica sobre patrimonio cultural de Galicia, Lei 5/2016 do 4 de maio (DOG núm. 92 do 16 de xuño de 2016), tamén lle confire especial protección ao patrimonio bibliográfico. No artigo 110 da devandita lei establécese que o patrimonio bibliográfico galego está constituído polos fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas de especial valor cultural. Fundamentalmente forman parte deste patrimonio as obras literarias, históricas, científicas ou artísticas, xa sexan impresas, manuscritas, fotográficas, cinematográficas, fonográficas ou magnéticas, de carácter unitario ou seriado, en calquera tipo de soporte e independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución, nas que concorran algunha das seguintes circunstancias: a inexistencia de, cando menos, tres exemplares idénticos en bibliotecas ou servizos públicos; que sexan anteriores a 1901; que teñan características singulares que lles outorguen carácter único (ex libris, expurgacións, etc). Os bens do patrimonio bibliográfico que cumpran estes requisitos quedan baixo o réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia que establece a Lei 5/2016.

Cuarto. Que a Subdirección Xeral de Bibliotecas, a través do Servizo da Biblioteca de Galicia, é a depositaria de toda a información bibliográfica dos bens que integran o patrimonio bibliográfico de Galicia recollida dende o ano 1989, ben grazas aos convenios de colaboración dos que se fai referencia no punto terceiro ou por iniciativa propia en cumprimento da función exposta no punto primeiro. Todos estes rexistros bibliográficos, que constitúen o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia (CCPB-G), serán obxecto dos traballos de unificación e mellora na calidade dos seus datos durante este ano 2017.



Quinto. Que o Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela (en adiante ABCS), dependente do Cabido da Catedral, con sede na Praza das Praterías, s/n, Santiago de Compostela (A Coruña), posúe unha colección bibliográfica que cumpre todos os requisitos para ser integrada no Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Español (CCPB) e de Galicia (CCPB-G).

Sexto. Que a colección bibliográfica do ABCS de interese para o CCPB e CCPB-G é a denominada “*Biblioteca Capitular*”, constituída por arredor de 5.500 volumes. A orixe desta colección está nas doazóns do chantre Alonso Sánchez de Ávila e do arcebispo Álvaro de Isorna. A primeira librería catedralicia remátase en 1454 e estaba constituída por un conxunto de libros reunidos para cubrir as necesidades dos cóengos: textos litúrxicos e bíblicos, que servían para as súas actividades de culto; e obras de dereito, que empregaban na defensa dos intereses do Cabido, no asesoramento do prelado ou nas súas tarefas na audiencia arcebispal. Tras a fundación da Universidade de Santiago de Compostela, onde foron profesores desde o principio os cóengos intelectualmente máis valiosos, decreceu o interese do Cabido por manter unha biblioteca propia, o que explicaría o seu corto incremento durante toda a Idade Moderna. Só a partir da Ilustración sentáronse as bases da que máis tarde sería xa a “*Biblioteca Capitular*”, grazas ás doazóns testamentarias do cóengo mestrescola Diego Juan de Ulloa (1762) e do prior de Sar, Pedro Acuña e Malvar (1814).

Sétimo. Que actualmente o CCPB e o CCPB-G só contan coa información de 368 exemplares desa importante colección para o patrimonio cultural galego. Por iso, é fundamental completar a catalogación da “*Biblioteca Capitular*” da Catedral de Santiago de Compostela, xa que contribuirá a identificar e localizar de xeito máis exhaustivo o patrimonio bibliográfico de todos os galegos e galegas.

Por todo o antedito, para completar e coordinar a catalogación do fondo histórico da Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela e a súa integración nos catálogos colectivos do patrimonio bibliográfico estatal e galego, ambas as dúas partes asinan o presente convenio coas seguintes,

CLÁUSULAS



Primeira - Obxecto do convenio

O presente convenio ten como obxecto completar a catalogación do fondo histórico, tamén coñecido como “*Biblioteca Capitular*”, do ABCS, todo el no acervo común. A finalidade é a de mellorar a identificación, localización e acceso ao contido desta importante colección para o patrimonio bibliográfico galego e, en xeral para o acervo cultural de todos os galegos. Os rexistros bibliográficos e de exemplares que resulten destes traballos integraranse no CCPB e no CCPB-G.

Segunda - Actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante Consellería)

- A Consellería a través dos seus medios, propios ou externalizados, proporcionará o persoal catalogador para completar a identificación e localización bibliográfica de todos os volumes da “*Biblioteca Capitular*” aínda non accesibles no CCPB e CCPB-G. Este persoal catalogador adaptase, en todo momento, aos horarios e calendario de traballo que determine o ABCS.
- A Consellería comprométese a que o persoal catalogador que destine ao ABCS terá os coñecementos necesarios para realizar unha descrición de calidade en obras de fondo antigo ou patrimonial.
- A recollida de datos e a catalogación do fondo histórico do ABCS farase en soporte informático vía web actuando sobre o catálogo en liña do CCPB.
- Respecto dos impresos seleccionados, verificarase se na base de datos do CCPB existe xa a descrición bibliográfica da obra e/ou edición ou emisión que se está tratando. En caso negativo, procederase a realizar unha catalogación completa de edición e alta de exemplar ou exemplares.
- Na descrición bibliográfica das obras novas e/ou edicións seguiranse as regras e normas especificadas a continuación: *Reglas de Catalogación* (última edición revisada) e, subsidiariamente, a norma *ISBD consolidada*, tanto na asignación dos puntos de acceso principais e secundarios como nas demais operacións. Non se dará clasificación sistemática pero si se indicarán, nos casos que proceda, as materias alfabéticas. Nos puntos de acceso, incluídas as materias, manterase a coherencia coas prácticas do CCPB, consultando e capturando as autoridades xa existentes na base de datos ou facéndoa novas, se non existisen, para o cal terase en conta, no posible, os rexistros de Autoridades da Biblioteca Nacional, accesibles vía web e subsidiariamente a *Lista de Encabezamientos de materias para las bibliotecas públicas*. Para a codificación dos datos seguirase o formato MARC 21 e as *Guías de uso para a elaboración do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico* que serán



entregadas polo persoal encargado do fondo antigo da Biblioteca de Galicia, dependente da Subdirección Xeral de Bibliotecas.

- No caso de que, se ao verificar a obra, se comprobase que a descrición bibliográfica da edición ou emisión xa está catalogada na base de datos do CCPB, procederase a realizar un rexistro de fondos e localizacións, dando de alta o novo exemplar correspondente á Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela, indicando os datos requiridos nas *Guías de uso para a elaboración do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico*.
- En todo caso, os datos do rexistro de fondos e localizacións, tanto edicións ou emisións xa presentes na base de datos do CCPB como os asociados a catalogacións de obras novas e/ou edicións, terán o consenso do persoal técnico da Consellería e do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela.
- No caso de que a obra tratada non dispuxese de etiqueta exterior ca correspondente signatura, a Consellería comprométese a que o persoal catalogador que proporcione para estes traballos tamén realice esta operación seguindo as instrucións que determine o persoal do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela.
- Ao rematar o proceso de catalogación e/ou recollida de datos de exemplar de todo o fondo histórico do ABCS, o persoal técnico da Consellería solicitará ao CCPB todos os datos obxecto destes traballos no formato de intercambio ISO 2709. Unha copia deste ficheiro entregárase aos técnicos do ABCS mentres que a outra será responsabilidade do Servizo da Biblioteca de Galicia.
- O ficheiro ISO 2709 do Servizo da Biblioteca de Galicia será empregado para a súa carga no Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia. Eses datos serán tratados para que o galego sexa a lingua de catalogación naquelas áreas da descrición bibliográfica que o permitan e tamén para evitar a presenza de duplicados no CCPB-G.

Terceira - Actuacións do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela (en diante ABCS)

- O ABCS comprométese a permitir a catalogación e/ou recollida de datos de exemplar co volume á vista de todos os que compoñan a súa *"Biblioteca Capitular"*. Para iso autorizará o acceso ás súas instalacións ao persoal catalogador que lle proporcione a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- O ABCS disporá da infraestrutura informática necesaria para que o persoal catalogador que porá á súa disposición a Consellería poida realizar as tarefas obxecto deste convenio vía web actuando sobre o catálogo en liña do CCPB.



- O ABCS garantirá que o persoal catalogador poida realizar o seu traballo nun espazo no que poidan cumprirse as medidas apropiadas para asegurar a correcta manipulación e conservación dos volumes obxecto dos traballos deste convenio.
- O ABCS autorizará a divulgación en Internet dos datos bibliográficos e de fondos e localizacións dos volumes pertencentes á totalidade da súa “*Biblioteca Capitular*”, tanto a través do CCPB como do CCPB-G.

Cuarta - Financiamento

Este convenio é gratuíto. O custo de realizar a catalogación estímase en 23.000,00 €, será asumido pola consellería mediante os seus recursos propios ou o correspondente procedemento de contratación. A catedral non recibirá ningunha contraprestación económica desde a consellería.

Quinta - Vixencia do convenio

- 1.Os traballos para completar a catalogación do fondo histórico do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela referidos na cláusula primeira poderán iniciarse a partir da sinatura deste convenio.
- 2.A duración do presente convenio está supeditada á realización do seu obxecto e do cumprimento dos compromisos acordados. O prazo máximo de execución será o 30 de novembro de 2017.

Sexta - Modificación e resolución

1. O presente convenio de colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes, sempre que o oportuno acordo de modificación sexa formalizado e se produza antes da expiración do seu prazo de duración.
2. Serán causas de resolución deste Convenio:
 - O mutuo acordo
 - O incumprimento das súas cláusulas por algunha das partes
 - A denuncia motivada dunha das partes, que deberá comunicarse por escrito á outra parte, polo menos cun mes de antelación á data prevista de extinción do convenio que figura na Cláusula Sexta
 - Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente

Sétima - Difusión da colaboración das partes



Nas actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se realicen relacionadas coas actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usarase, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa. Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste convenio.

Oitava - Propiedade intelectual e dereitos de autor

O Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela será a única titular dos dereitos de propiedade intelectual dos rexistros bibliográficos resultantes do traballo realizado sobre os seus fondos.

A Catedral asumirá calquera reclamación de terceiros en relación aos dereitos de propiedade intelectual derivados das actividades establecidas no presente documento.

O ABCS permitirá á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a difusión por Internet das descrições bibliográficas e de fondos e localizacións resultantes destes traballos a través das respectivas bases de datos do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico español e galego.

Novena - Comisión mixta de seguimento

Crearase unha Comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas, da Secretaría Xeral de Cultura, ou persoa en quen delegue, e o Deán da Catedral de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.

Décima - Interpretación e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo primeira - Transparencia e boas prácticas

De conformidade co disposto no artigo 11 da *Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega*, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería. Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no



decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En proba de conformidade co establecido no presente documento, os interesados asínano, por duplicado, na data e lugar do encabezamento.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pola SAMI Catedral de Santiago de
Compostela

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O Deán da SAMI Catedral de Santiago de
Compostela